

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE EXTRAESCOLARES

CURSO 2020-2021

COMPOSICIÓN

O Equipo de Actividades Extraescolares está conformado polas seguintes persoas:

Francisca Bautista Montero

María Teresa De Araújo Parada

María Olga López Vidal (coordinadora).

O programa establecido na primeira reunión é o que a continuación se expón, a sabendas de que pode sufrir alguna variación no desenvolvemento das mesmas, como cambios de data debidas ao mal tempo ou imprevistos, así como á incorporación de novas actividades que se poidan engadir e/ou solicitar.

Destacar que, debido a situación actual de pandemia provocada polo COVID-19, determinadas actividades non poderán realizarse ou veranse reducidas, como saídas, ... faranse aquelas actividades que nos permitan cumprir as normas establecidas no protocolo para o COVID-19. Tentaremos contactar con persoal que veña ao noso centro a dar charlas,... sobre temas relacionados coa saúde, emocionais, etc.; contacontos,... puxémonos en contacto con VIGOEDUCA e nos avisarán cando poñan en marcha o programa de actividades.

ACTIVIDADES

CELEBRACIÓNS PROPOSTAS:

1º TRIMESTRE

- **Samaiñ:** celebrarase o venres 30 de outubro en cada aula a decisión de cada titora, orientadas por dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca. Os alumnos/as poderán vir disfrazados dende a súa casa, sen complementos.
- **Magosto:** celebráremolo o día 11 de novembro. As actividades propostas xirarán en torno ao tema da castaña: manualidades sobre castañas, redacións, escribir contos coa temática proposta, traer receitas de pratos feitos con castañas ou ver en Internet.

- **Nadal:** celebrarase o martes 22 de decembro. Cada alumno/a fará unha árbore de Nadal con material de reciclaxe na súa aula. Tamén traballaranse receitas de Nadal. Outra proposta é facer un flashmobe en colaboración con música relacionado con esta festividade.

2º TRIMESTRE

- **Día da Paz:** será o venres 29 de xaneiro. A proposta será que cada clase escolla unha palabra dalgún personaxe destacado que lles guste que reflecte valores relacionados con este tema; un neno/a a le en voz alta e o resto a reproduce na linguaxe de signos. Gravarase a actividade para colgala na páxina web do cole.

- **O Entroido:** celebrarase o venres 12 de febreiro. Os alumnos/as poderán vir disfrazados dende a súa casa, de maneira sinxela, sen complementos. Segundo a evolución da pandemia, decidirase se se fai desfile ou non.

3º TRIMESTRE

- **Fin de Curso:** se leva a cabo o día das Letras Galegas. Celebrarase o día 14 de maio, venres. Dependendo da evolución da pandemia, farase como outros anos ou realizarase, por exemplo, un flashmobe; outra opción sería que cada aula preparase unha actuación que gravará individualmente; unha vez feita a montaxe, poderán visionala o resto dos alumnos/as e as familias dende a páxina web do colexio.

- **Graduación de 6º de Educación Infantil e de 6º de Educación Primaria:** dependendo da evolución da pandemia, faranse ou non. Irase concretando ao longo do curso.

NOTAS

Concretaranse as diferentes actividades ao longo do curso dependendo de como estea a situación en cada momento referente á pandemia.

Este Equipo colabora nas actividades propostas polos outros Equipos do Centro.

O PLAN de saídas, visitas, charlas e outros daráselle a cada mestre ; iremos informando das datas e horas de realización das mesmas . Tamén entregaremos programa concreto de cada unha das actividades uns días antes da súa celebración.

Faremos as reunións necesarias para explicar aquelas actividades que o precisen.

Algunhas das actividades serán programadas en común co Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega en reunións conxuntas.

AGRADECEMENTOS

Agradecemos a todo o profesorado, á ANPA e aos equipos do colexio a súa colaboración nas actividades propostas.